


REPASO DA LITERATURA GALEGA DOS COMEZOS DA IDADE CONTEMPORÁNEA



1. **COMPLETA ESTE RESUMO, COLOCANDO ONDE CORRESPONDA:** Rexurdimento, *A gaita gallega*, *Cantares gallegos*, Rosalía, Pondal, Curros Enríquez, Rexurdimento Pleno, *Follas novas*, *Os eoas*, *Aires da miña terra*, *O divino sainete*, *Queixumes dos Pinos*, intimista, defender os galegos, celtas, o Descubrimento e a conquista de América, social, unha peregrinación a Roma.

No século XIX prodúcese a recuperación da literatura galega. Este movemento literario recibe o nome de..... O primeiro libro publicado en galego,aínda que bilingüe, foi

Despois, no terceiro terzo do século, xa aparecen as obras dos tres grandes escritores:

..... e.....

Este período é coñecido co nome de.....

O primeiro libro publicado integramente en galego foi.....

de **Rosalía de Castro**, que tamén publicou en galego.....

O autor do himno galego, incluído no libro....., foi **Eduardo Pondal**, que tamén publicou.....

Os outros dous grandes libros desta etapa foron

e....., escritos por **Manuel Curros Enríquez**.

O libro **Cantares gallegos** ten como protagonista o pobo galego e foi escrito para; o libro **Follas Novas** é unha continuación deste, pero contén ademais poesía....., que trata da felicidade, da vellez, da morte....

O libro **Queixumes dos pinos** intenta convencer os galegos de que como pobo diferente, baseándose nas orixes.....de Galicia , ten que loitar pola liberdade. No libro **Os eoas**, tamén hai poesía histórica, pero neste caso, céntrase na historia de.....

O libro **Aires da mina terra** ten poesía costumista, intimista e....., na que critica a desigualdade, o analfabetismo, a Igrexa ..., o que provoca a excomunión do autor, que anos máis tarde publica **O divino sainete**, no que relata , aproveitando para criticar os fanáticos relixiosos, os antigaleguistas...

2. INDICA A QUE LIBRO PERTENCE CADA UN DESTES FRAGMENTOS:

Vendéronlle os bois,
vendéronlle as vacas,
o pote do caldo
i a manta da cama.
Vendéronlle o carro
i as leiras que tiña;
deixárono sóio
coa roupa vestida.
"María, eu son mozo,
pedir non me é dado;
eu vou polo mundo
pra ver de ganalo.
Galicia está probe,
i á Habana me vou...
¡Adiós, adiós, prendas
do meu corazón!"

LIBRO:

Volvoreta de aliñas douradas
que te pousas no berce
valeiro,
pois por el me preguntas, xa
sabes
qué foi do meu neno.

LIBRO:

Os tempos son chegados
dos bardos das edades
que as vosas vaguedades
cumprido fin terán;
pois, donde quer, xigante
a nosa voz pregoa
a redenzón da boa
nazón de Breogán.

LIBRO:

Cando penso que te fuches,
Negra sombra que
m'asombras,
Ó pe d'os meus cabezales
Tornas facéndome mofa.
Cando maxino qu'es ida
N'o mesmo sol te m'amostras,
Y eres a estrela que brila,
Y eres o vento que zóa.

LIBRO:

Víu deitarse mendegos
Que s' erguen marqueses:
Tal clás d' escrituras
Firmar indixentes,
Q' ó cabo d' un ano
No teñen albergue:
Soldados cobardes
Chegar á ser xefes,
E morrer sin gloria
Os máis grandes héroes:
Pasar por honrados
Os q' honra non teñen,
Por santos os pillos,
Por xustos os débiles:
Subir ós altares
Os q' á forza deben
Y-arrastrar carroza
Quen debe un grillete:

LIBRO: